PARLAMENTO DE GALICIA

Número 594 | VI lexislatura | 23 de xuño de 2004

SUMARIO

1. Procedementos de natureza normativa

1.1. Leis e outras normas

1.1.1. **Leis**

— Lei para a aplicación aos concellos de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela do réxime de organización dos municipios de gran población. 36512

— Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de seguridade industrial de Galicia. 36514

—Emendas e votos particulares formulados ao Ditame sobre o Proxecto de lei de seguridade industrial de Galicia.

Emendas mantidas polo G.P. do Bloque Nacionalista Gales.

Doc. núm. 16390 36531

Emendas mantidas polo G.P. dos Socialistas de Galicia.

Doc. núm. 16400 36531

9. Informacións e correccións de erros

9.2. Correccións de erros

— Corrección de erros no Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. 36531

1. Procedementos de natureza normativa

1.1. Leis e outras normas

1.1.1. Leis

Lei para a aplicación aos concellos de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela do réxime de organización dos municipios de gran poboación

Presidencia

O Parlamento de Galicia, na sesión do día 15 de xuño de 2004, aprobou a Lei para a aplicación aos concellos de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela do réxime de organización dos municipios de gran población.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela15 de xuño de 2004
José María García Leira
Presidente

Lei para a aplicación aos concellos de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela do réxime de organización dos municipios de gran poboación

Exposición de motivos

A aprobación, en decembro do ano 2003, da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, veu supoñer, entre outras modificacións, a introdución, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dun novo título, o X, dedicado ao que, na mesma lei, se chaman "municipios de gran poboación", respecto dos cales se introduce un novo réxime xurídico, con especificidades que, segundo sinala a propia exposición de motivos, buscan romper co excesivo uniformismo que viña caracterizando tradicionalmente ao réxime local.

Así, en palabras do propio texto legal, o goberno urbano reclamaba un tratamento específico dabondo que lles permitira ás cidades afrontar a súa enorme complexidade como estruturas político-administrativas no contexto dunha sociedade dinámica e en constante evolución.

Estas consideracións da Lei 57/2003 resultan plenamente aplicables ás circunstancias de Galicia, onde a vertebración socioeconómica, e mesmo poboacional, do noso territorio se ten realizado tradicionalmente ao redor das sete grandes cidades, que xogaron, neste sentido, un claro e fundamental papel articulador do desenvolvemento das súas áreas de influencia e, de aí, do conxunto de Galicia.

A nova redacción da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, sinala agora, no seu artigo 121, que este novo e específico réxime orgánico funcional será de aplicación, ademais de a aqueles municipios que superen os 250.000 habitantes ou 175.000 se se trata de capitais de provincia, a aqueloutros que sexan capital de provincia, capital autonómica ou sede das institucións autonómicas, ou a aqueles de máis de 75.000 habitantes que presenten circunstancias económicas, sociais, históricas ou culturais especiais, debendo, nestes últimos dous supostos, decidilo así os parlamentos autonómicos correspondentes, logo da iniciativa dos concellos interesados.

De acordo con estas previsións, só A Coruña e Vigo quedarían, na nosa Comunidade Autónoma, directamente incluídas no réxime dos municipios de gran poboación; así, as outras cinco cidades susceptibles de acollerse a el –Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela– deberían solicitar esta inclusión mediante acordo dos seus respectivos plenos municipais, decidindo logo o Parlamento galego o que considere procedente.

Os plenos municipais destas cinco cidades adoptaron, segundo consta fidedignamente acreditado, o acordo de solicitar a aplicación do réxime de organización reservado aos municipios de gran poboación, recollido no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Por outra banda, o noso Estatuto de autonomía establece, como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, aquelas funcións sobre o réxime local que lle correspondan ao abeiro do artigo 149.1.18 da Constitución, atribución na que debe entenderse englobada, en consecuencia, toda iniciativa dirixida, dentro deste marco, a desenvolver e adaptar ás peculiaridades do tecido local galego as previsións da normativa estatal de carácter básico en materia de réxime local.

Así, o Goberno galego considera que concorren, nas cinco cidades susceptibles de ser incluídas no réxime dos municipios de gran poboación, as circunstancias obxectivas que a Lei 57/2003 sinala como de necesaria apreciación para esta inclusión, xa non só no caso de Santiago de Compostela –recoñecida, pola Lei 4/2002, como capital de Galicia e sede das súas institucións– senón tamén no de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra, cidades todas elas cunha especial relevancia económica, social, histórica e cultural no conxunto de Galicia, fóra de toda dúbida, como xa quedou dito.

Artigo 1

Seralles de aplicación aos municipios de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela –por entender que concorren as circunstancias de carácter obxectivo esixidas para iso no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local– o réxime de organización dos concellos de gran poboación recollido no devandito título.

Artigo 2

Os plenos municipais de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela determinarán a aplicación desta lei ao réxime de organización dos respectivos concellos.

Disposición adicional única

Mediante disposición de rango legal poderá procederse, no marco do establecido na normativa básica estatal, e de acordo co sinalado no artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia, ao desenvolvemento das previsións contidas no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, co fin de adaptalas ás peculiaridades e circunstancias específicas dos municipios galegos ás que aquel resulte de aplicación.

Disposición derradeira única

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2004
José María García Leira
Presidente

Ley para la aplicación a los municipios de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra y Santiago de Compostela del régimen de organización de los municipios de gran población

Exposición de motivos

La aprobación, en diciembre del año 2003, de la Ley 57/2003, de 16 de diciembre, de medidas para la modernización del gobierno local, vino a suponer, entre otras modificaciones, la introducción, en la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local, de un nuevo título, el X, dedicado a lo que, en la misma ley, se llaman "municipios de gran población", respecto a los cuales se introduce un nuevo régimen jurídico, con especificidades que, según señala la propia exposición de motivos, buscan romper con el excesivo uniformismo que venía caracterizando tradicionalmente al régimen local.

Así, en palabras del propio texto legal, el gobierno urbano reclamaba un tratamiento específico suficiente que permitiese a las ciudades afrontar su enorme complejidad como estructuras político-administrativas en el contexto de una sociedad dinámica y en constante evolución.

Estas consideraciones de la Ley 57/2003 resultan plenamente de aplicación a las circunstancias de Galicia, en donde la vertebración socioeconómica, e incluso poblacional, de nuestro territorio se ha realizado tradicionalmente en torno a las siete grandes ciudades, que han jugado, en este sentido, un claro y fundamental papel articulador del desarrollo de sus áreas de influencia y, por ende, del conjunto de Galicia.

La nueva redacción de la Ley 7/1985, reguladora de las bases de régimen local, señala ahora, en su artículo 121, que este nuevo y específico régimen orgánico funcional será de aplicación, además de a aquellos municipios que sobrepasen los 250.000 habitantes o 175.000 si se trata de capitales de provincia, a aquellos otros que sean capital de provincia, capital autonómica o sede de las instituciones autonómicas, o a aquéllos de más de 75.000 habitantes que presenten circunstancias económicas, sociales, históricas o culturales especiales, debiendo, en estos últimos dos supuestos, decidirlo así los parlamentos autonómicos correspondientes, previa iniciativa de los ayuntamientos interesados.

De acuerdo con estas previsiones, sólo A Coruña y Vigo quedarían, en nuestra Comunidad Autónoma, directamente incluidas en el régimen de los municipios de gran población; así, las otras cinco ciudades susceptibles de acogerse al mismo –Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra y Santiago de Compostela– deberían solicitar esta inclusión mediante acuerdo de sus respectivos plenos municipales, decidiendo luego el Parlamento gallego lo que estime procedente.

Los plenos municipales de estas cinco ciudades han adoptado, según consta fehacientemente acreditado, el acuerdo de solicitar la aplicación del régimen de organización reservado a los municipios de gran población, contemplado en el título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local.

Por otro lado, nuestro Estatuto de autonomía establece, como competencia exclusiva de la Comunidad Autónoma, aquellas funciones sobre el régimen local que le correspondan al amparo del artículo 149.1.18 de la Constitución, atribución en la que ha de entenderse englobada, en consecuencia, toda iniciativa dirigida, dentro de este marco, a desarrollar y adaptar a las peculiaridades del tejido local gallego las previsiones de la normativa estatal de carácter básico en materia de régimen local.

Así, el Gobierno gallego estima que concurren, en las cinco ciudades susceptibles de ser incluidas en el régimen de los municipios de gran población, las circunstancias objetivas que la Ley 57/2003 señala como de necesaria apreciación para esta inclusión, ya no sólo en el caso de Santiago de Compostela –reconocida, por la Ley 4/2002, como capital de Galicia y sede de sus instituciones— sino también en el de Ferrol, Lugo, Ourense y Pontevedra, ciudades todas ellas con una especial relevancia económica, social, histórica y cultural en el conjunto de Galicia, fuera de toda duda, como ya quedó dicho.

Artículo 1

Será de aplicación a los municipios de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra y Santiago de Compostela –por entender que concurren las circunstancias de carácter objetivo exigidas para ello en el título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local– el régimen de organización de los municipios de gran población contemplado en dicho título.

Artículo 2

Los plenos municipales de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra y Santiago de Compostela determinarán la aplicación de la presente ley al régimen de organización de los respectivos municipios.

Disposición adicional única

Mediante disposición de rango legal podrá procederse, en el marco de lo establecido en la normativa básica estatal, y de acuerdo con lo señalado en el artículo 27 del Estatuto de autonomía de Galicia, al desarrollo de las previsiones contenidas en el título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local, a fin de adaptarlas a las peculiaridades y circunstancias específicas de los municipios gallegos a las que aquél resulte de aplicación.

Disposición final única

La presente ley entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de junio de 2004
José María García Leira
Presidente

Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de seguridade industrial de Galicia

Presidencia

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 116 do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Ditame emitido pola Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de seguridade industrial de Galicia.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2004
José María García Leira
Presidente

Ditame emitido pola Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de seguridade industrial de Galicia.

A Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na sesión do día 18 de xuño de 2004, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre o Proxecto de lei de seguridade industrial de Galicia (doc. núm. 13035, exp. núm. 06/PL-0032, publicado no BOPG núm. 500, do 06.02.2004; emendas publicadas no BOPG 540, do 10.04.2004; informe de Ponencia publicado no BOPG núm. 586, do 14.06.2004), de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte

DITAME

Exposición de motivos

O artigo 38 da Constitución española recoñece a liberdade de empresa no marco da economía de mercado e obriga aos poderes públicos a garantiren e protexeren o exercicio da devandita liberdade e a defensa da produtividade, de acordo coas esixencias da economía xeral e, se é o caso, da planificación.

A Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, estableceu as normas básicas reguladoras da ordenación das actividades e instalacións industriais, e incorporou no ámbito da seguridade e calidade industriais os principios de liberalización industrial existentes na normativa comunitaria, especialmente no referente aos procedementos de acreditación do cumprimento dos requisitos regulamentarios de seguridade, ao réxime de responsabilidades –tanto dos titulares das industrias e instalacións coma de todos os axentes que incorran nelas– e mais ao control administrativo.

Esta norma marco complementouse cunha pluralidade de regulamentos de seguridade industrial e as súas instrucións técnicas complementarias, dos que a complexidade fai necesaria unha adaptación das funcións dos distintos órganos competentes en materia de industria nas comunidades autónomas, conxugando os recursos humanos e técnicos dos que dispoñen as distintas administracións cos das entidades e organismos que conforman a infraestrutura para a calidade e seguridade industriais, e, de xeito especial, coas entidades legalmente habilitadas, de forma que o cumprimento dos regulamentos de seguridade industrial poida realizarse da maneira máis eficaz, garantindo en todo caso un rigoroso control das condicións de seguridade, posta en servizo e inspección de instalacións suxeitas á seguridade industrial.

Deste xeito, razóns de eficacia e coherencia aconsellan evitar unha excesiva dispersión normativa e fan necesario deseñar, sobre a base dos principios de liberdade de establecemento e de simplificación dos procedementos administrativos, un marco xurídico axeitado para a elaboración dunha regulación homoxénea e actualizada dos sistemas de control da seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia, coa adopción de criterios de eficacia na xestión e de colaboración e coordinación entre as administracións públicas implicadas. Así, para acadar este obxectivo e como expresión xurídica positiva da política industrial autonómica, nace a Lei de seguridade industrial de Galicia.

En definitiva, esta lei –dentro do marco da lexislación básica estatal e coa base que achegan as experiencias de dereito comparado, tanto autonómico coma doutros estados membros da Unión Europea– ten por obxecto compatibilizar os instrumentos da política industrial cos da libre competencia e circulación de mercadorías, co fin de eliminar barreiras técnicas a través do axeitado artellamento dos instrumentos de control e vixilancia que garantan a correcta aplicación da regulamentación de seguridade industrial.

A necesidade dun cambio cualitativo e cuantitativo do traballo relativo ao control administrativo obriga a formular a utilización de novas ferramentas que coadxuven a cumprir eficazmente o servizo de vixilancia e inspección referente á seguridade dos establecementos, das instalacións e dos produtos industriais; entre estas atópanse os plans de inspección, como fórmula idónea para garantir o cumprimento dos regulamentos de seguridade industrial e a normativa que lles resulte aplicable.

Para tal efecto, esta lei ordena a seguridade industrial en Galicia harmonizando os sistemas de control e vixilancia e definindo os instrumentos deste sistema. Todo isto para o obxecto de comprobar que todos os axentes que interveñen no deseño, construción, posta en servizo e mantemento dos establecementos, das instalacións e dos produtos industriais cumpren coas disposicións e condicións técnicas de seguri-

dade industrial, evitando así as incidencias que poidan provocar a aparición de riscos que produzan lesións ou danos ás persoas, bens e medio ambiente.

Para o cumprimento dos obxectivos sinalados, esta lei estrutúrase nunha exposición de motivos, na que se xustifica a oportunidade e conveniencia da súa aprobación, en catro títulos –divididos, nalgúns casos, en capítulos e estes, pola súa vez, en seccións– que comprenden un total de 42 artigos, así como en dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria, catro disposicións derradeiras e mais dous anexos.

O título preliminar establece as disposicións xerais que permiten a correcta interpretación da lei, regulando o seu obxecto, o ámbito de aplicación e mais as finalidades dela. De igual modo, e seguindo a técnica lexislativa habitual das disposicións comunitarias, incorpóranse definicións que aclaran o sentido dos preceptos incluídos nela.

O título I aborda a regulación dos instrumentos necesarios para a ordenación da seguridade industrial en Galicia, entre os que se atopan os plans de inspección, que se configuran como unha ferramenta básica do sistema de control da seguridade industrial. Así mesmo desenvolve o réxime xurídico, en particular a intervención administrativa e as obrigas dos titulares de instalacións e establecementos industriais.

O título II aborda a coordinación e cooperación entre as administracións públicas competentes na materia de acordo coas regras xerais das relacións interadministrativas. A este respecto créase o Consello Interdepartamental de Seguridade Industrial como órgano encargado de impulsar e posibilitar a coordinación e cooperación.

O título III, relativo ao réxime sancionador, establece un catálogo de infraccións e sancións, fixa ademais a obriga de repoñer os bens ao seu estado anterior e de pagar a correspondente indemnización polos danos e perdas ocasionados e tamén concreta a responsabilidade dos axentes económicos. Igualmente, delimítanse neste título as responsabilidades polas infraccións cometidas, as medidas cautelares e os órganos competentes para a imposición de sancións.

Así pois e ao abeiro do artigo 30.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, que lle recoñece a esta comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de industria sen prexuízo do que determinen as normas do Estado en materia de seguridade industrial, cómpre ditar nesta comunidade unha norma que ordene e harmonice os sistemas de control da seguridade industrial en Galicia.

En particular, é competencia exclusiva da Xunta de Galicia a inspección das instalacións industriais, así como o establecemento dos requisitos e das condicións adicionais que deben cumprir as entidades legalmente habilitadas no ámbito da inspección; entidades nas que as funcións que integran tal competencia poderán ser delegadas para lles dar así validez oficial aos informes elaborados por estas para os efectos de autorizar a posta en funcionamento das instalacións industriais ou a revisión periódica delas.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo no nome de El-Rei, a Lei de seguridade industrial de Galicia.

Titulo preliminar
Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta lei ten por obxecto ordenar a seguridade industrial mediante o establecemento dun sistema de control que, atendendo a criterios de eficacia e eficiencia, garanta a seguridade dos establecementos, das instalacións e dos produtos industriais dentro do ámbito de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O ámbito de aplicación desta lei esténdese a:

a) As actividades dirixidas á obtención, a reparación, o mantemento, a transformación, a reutilización ou o almacenamento de produtos industriais.

b) O envasado e a embalaxe, así como o aproveitamento, a recuperación e mais a eliminación de refugallos ou subprodutos, calquera que sexa a natureza dos recursos e procesos técnicos utilizados.

c) As instalacións, os equipos, as actividades, os procesos e os produtos industriais que utilicen ou incorporen elementos, mecanismos ou técnicas susceptibles de produciren danos, estean ou non asociados a unha actividade industrial.

c bis) Os establecementos industriais especialmente perigosos por telo así establecido unha norma específica ou por producir, manipular ou almacenar substancias e produtos perigosos.

Artigo 2. Definicións

Para os efectos desta lei, enténdese por:

a) Seguridade industrial: actividades de prevención e limitación de riscos, así como de protección contra accidentes e sinistros capaces de lles produciren danos ou perdas ás persoas, bens e medio ambiente, derivados da actividade industrial ou da utilización, funcionamento e mantemento das instalacións ou dos equipos e da produción, uso ou consumo, almacenamento ou refugallo dos produtos industriais.

b) Instalación industrial: conxunto de aparellos, equipos, elementos e compoñentes asociados ás actividades dirixidas á obtención, reparación, mantemento, transformación ou reutilización de produtos industriais, o envasado e a embalaxe, así como o aproveitamento, a recuperación e mais a eliminación de refugallos ou subprodutos, calquera que sexa a natureza dos recursos e procesos técnicos utilizados.

Así mesmo, para os efectos desta lei, terán a consideración de instalacións industriais aquelas que, incorporando elementos, mecanismos ou técnicas susceptibles de produciren os danos sinalados no apartado anterior, non estean asociadas a actividades industriais.

c) Instalación existente: calquera instalación en funcionamento que –suxeita á seguridade industrial– fose autorizada, comunicada ou executada de acordo coa súa normativa correspondente.

d) Establecemento: a totalidade da zona baixo o control do seu titular, incluídas as infraestruturas ou actividades comúns ou conexas.

e) Produto industrial: calquera manufactura ou produto transformado ou semitransformado de carácter moble –aínda estando incorporado a outro ben moble ou a un inmoble– e toda a parte que o constitúa, como materias primas, substancias, compoñentes e produtos semiacabados.

e bis) Substancia ou produto perigoso: a substancia ou produto con capacidade intrínseca ou potencialidade de ocasionar danos ás persoas, aos bens e ao medio ambiente.

f) Cambio substancial: calquera modificación da actividade suxeita a control que poida ter repercusións prexudiciais ou importantes na seguridade, a saúde das persoas ou o medio ambiente.

g) Titular da instalación ou do establecemento: a persoa física ou xurídica que explote ou posúa o establecemento ou a instalación ou calquera outra na que se tivese delegado un poder económico determinante en relación co funcionamento técnico daquelas.

h) Entidades legalmente habilitadas: entidades públicas ou privadas, con personalidade xurídica, que se constitúen coa finalidade de verificar –mediante actividades de certificación, ensaio, inspección ou auditoría– o cumprimento de carácter obrigatorio das condicións de seguridade de produtos e instalacións industriais establecidas nos regulamentos de seguridade industrial.

i) Regulamento técnico: a especificación técnica, establecida con carácter obrigatorio a través dunha disposición, relativa a produtos, procesos ou instalacións industriais no tocante á súa fabricación, comercialización ou utilización.

j) Plans de inspección: instrumentos a través dos cales a consellaría competente en materia de industria, cos seus propios medios ou coa colaboración de entidades legalmente habilitadas, realizará a supervisión, a inspección e o control das distintas actividades, dos produtos e das instalacións industriais.

Artigo 3. Obxectivos

Os obxectivos desta lei son:

a) Adecuar e ordenar o sistema de control da seguridade industrial en Galicia, integrando e definindo os mecanismos que forman parte del.

a bis) Previr e limitar os riscos e asegurar a protección contra accidentes e incidentes capaces de lles producir danos ou perdas ás persoas, bens e medio ambiente derivados da actividade industrial ou da utilización, funcionamento e mantemento dos establecementos e das instalacións industriais e da produción, uso ou consumo, almacenamento ou refugallo dos produtos industriais.

b) Simplificar e racionalizar a actuación administrativa en materia de instalación, ampliación e traslado de industrias, reducindo os trámites e axilizando os procedementos de autorización e control das actividades, garantindo en todo momento a colaboración e coordinación das administracións que deban intervir neles.

c) Delimitar as obrigas que deben asumir os titulares de establecementos ou instalacións industriais.

d) Establecer os contidos mínimos da inspección industrial en Galicia.

e) Sen contido.

f) Promover a seguridade industrial a través da actuación preventiva e mediante a formulación e execución de plans e programas de inspección.

g) Garantir a seguridade industrial dos establecementos, das instalacións e dos produtos industriais, utilizando os instrumentos necesarios para previr, minimizar, corrixir e controlar os riscos asociados ás actividades industriais sometidas a esta lei.

h) Protexer o exercicio da liberdade de empresa mediante o deseño de mecanismos máis áxiles de intervención administrativa no desenvolvemento das actividades industriais.

i) Delimitar as responsabilidades dos axentes intervenientes.

i bis) Promover a participación dos axentes económicos e sociais en materia de seguridade industrial a través dos seus representantes.

Artigo 4. Principios da ordenación da seguridade industrial

Para a aplicación desta lei, de cara ao logro dos obxectivos definidos no artigo 3, as administracións públicas axustarán as súas actuacións aos seguintes principios:

a) Principio de liberalización industrial.

b) Principio de intervención mínima da administración.

c) Principio de simplificación administrativa.

d) Principio de coordinación, cooperación e colaboración interadministrativas.

Título I
Do sistema de control da seguridade industrial

Artigo 5. Sistema de control da seguridade industrial en Galicia

1. Constitúe o sistema de control da seguridade industrial en Galicia o conxunto de instrumentos legais que contribúan a garantir o axeitado cumprimento da normativa e regulamentación aplicable aos establecementos, ás instalacións e aos produtos industriais co obxecto de evitar os accidentes e incidentes en materia de seguridade industrial.

2. Os instrumentos integrantes do sistema de control da seguridade industrial en Galicia son os seguintes:

a. Intervención administrativa na instalación, a ampliación e o traslado de establecementos e instalacións industriais nos termos descritos no capítulo I deste título.

b. Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia.

c. Rexistros industriais especiais.

d. Inspección industrial: plans e programas de inspección.

e. Entidades de control legalmente habilitadas.

Capítulo I
Da instalación, a ampliación e o traslado de establecementos e instalacións industriais

Artigo 6. Clasificación dos establecementos e das instalacións industriais

Para os efectos previstos nesta lei, os establecementos e as instalacións industriais clasifícanse en tres grupos:

a) Grupo I: establecementos e instalacións sometidas a autorización administrativa previa.

Este grupo inclúe aqueles establecementos e instalacións industriais que, de acordo coa súa normativa específica, requiren –con carácter previo á súa posta en funcionamento– a obtención de autorización administrativa dos órganos competentes en cada caso.

b) Grupo II: establecementos e instalacións sometidas a comunicación ao órgano competente en materia de industria que se relacionan no anexo I desta lei.

Este grupo inclúe os establecementos e as instalacións industriais que teñan recoñecida liberdade para a súa instalación, ampliación ou traslado e que requiran dunha comunicación previa á súa posta en funcionamento ao órgano competente en materia de industria, que dispón dun prazo para fiscalizar a actividade pretendida polo particular e opoñerse, se é o caso, ao seu exercicio.

c) Grupo III: establecementos e instalacións sometidas a comunicación ao órgano competente en materia de industria que se relacionan no anexo II desta lei.

Neste grupo inclúense aqueles establecementos e instalacións industriais que teñan recoñecida plena liberdade para a súa instalación, ampliación ou traslado e que requiran para a súa posta en funcionamento dunha simple comunicación ao órgano competente en materia de industria.

Artigo 7. Intervención da administración nos establecementos e nas instalacións industriais

1. Para a instalación, a ampliación, o traslado e a posta en funcionamento dos establecementos e das instalacións industriais do grupo I, seguirase o procedemento previsto na normativa específica que resulte aplicable para cada tipo de actividade industrial e as prescricións que resulten do desenvolvemento regulamentario desta lei.

2. Para a instalación, a ampliación, o traslado e a posta en funcionamento dos establecementos e das instalacións industriais incluídos no grupo II desta lei, determinarase regulamentariamente un procedemento xeral no cal a consellaría competente en materia de industria realizará, no prazo que se estableza, unha comprobación formal da documentación presentada polo interesado, acreditativa da plena adecuación das actividades industriais relacionadas no anexo I desta lei á normativa que lle resulte aplicable.

Se ao realizar a comprobación da documentación achegada, esta é considerada completa conforme o regulamentariamente esixido para o devandito establecemento ou instalación, estenderase un documento acreditativo da antedita circunstancia, e neste caso non existirá ningunha obxección por parte da consellaría competente en materia de industria para a súa posta en funcionamento.

Se, logo de trancorrer o prazo que se estableza regulamentariamente, a consellaría competente en materia de industria non lle notifica o resultado da comprobación formal ao interesado, entenderase que non existe ningunha obxección para a posta en funcionamento da instalación, sen prexuízo das responsabilidades dos autores da documentación técnica e das certificacións expedidas.

3. Para a instalación, a ampliación, o traslado e a posta en funcionamento dos establecementos e das instalacións industriais incluídos no grupo III desta lei, a consellaría competente en materia de industria entregaralle ao interesado un xustificante da presentación da documentación achegada, que lle servirá como acreditación do cumprimento das obrigas administrativas, sen prexuízo das responsabilidades dos autores da documentación técnica e das certificacións expedidas.

4. Regulamentariamente establecerase a forma e o contido do xustificante da presentación da documentación á que se refiren os apartados 2 e 3 deste artigo.

5. En ningún dos supostos previstos nos apartados 2 e 3 deste artigo, a presentación da documentación supoñerá a

aprobación técnica da execución da instalación por parte da administración.

Artigo 8. Obrigas xerais dos titulares dos establecementos e das instalacións

1. Os titulares dos establecementos e das instalacións regulados nesta lei deberán:

a) Adoptar as medidas necesarias para evitar calquera risco que poida producirse nos citados establecementos e instalacións ou, se é o caso, limitar as súas consecuencias.

b) Cumprir calquera outra obriga establecida nesta lei, na normativa que resulte aplicable para cada tipo de instalación industrial e nas súas disposicións de desenvolvemento.

c) Permitir e facilitar as comprobacións e inspeccións que o persoal debidamente acreditado realice en cumprimento da función de control da administración, así como achegar calquera información ou documentación que se lle solicite en relación coa inspección que se realiza.

2. Así mesmo, os titulares dos establecementos e das instalacións quedarán obrigados a lle comunicaren á consellaría competente en materia de industria as seguintes circunstancias:

a) Calquera modificación substancial que se propoñan realizar na explotación da instalación.

b) Calquera accidente ou incidente que afecte de forma significativa as persoas, a flora, a fauna, os bens ou o medio ambiente.

c) Calquera outra modificación que altere significativamente o estado inicial da instalación.

Artigo 8 bis. Condicións dos establecementos e instalacións

1. As instalacións industriais deberán ser proxectadas, executadas, utilizadas e mantidas de xeito que se garanta a seguridade das persoas, os bens, a flora, a fauna e o medio ambiente.

2. O proxecto, execución, utilización e mantemento das instalacións industriais deberán realizarse conforme a normativa vixente que lles sexa de aplicación.

3. As instalacións industriais deberán ser utilizadas para os fins para os que foron executadas ou aqueles que lles sexan propios.

4. Para a posta en marcha das instalacións industriais será esixible ter obtidas as autorizacións administrativas pertinentes que se lles impuxesen ou esixa a normativa vixente.

Artigo 9. Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia

Os titulares das actividades industriais previstas nesta lei deberanlle comunicar ao Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia –nos casos nos que resulte obrigatorio e antes do inicio da actividade– os datos básicos e complementarios que se establecen na normativa reguladora do devandito rexistro.

Artigo 10. Rexistros industriais especiais

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, os titulares de instalacións que por razón da normativa aplicable deban estar inscritos en rexistros industriais especiais deberanlles comunicar a estes, con carácter previo á posta en funcionamento da súa actividade, os datos básicos e complementarios para os efectos da súa inscrición.

Capítulo II
Da inspección de industria

Sección I
Réxime da inspección industrial

Artigo 11. Obxecto e ámbito de aplicación

1. A inspección de industria é a actividade pola que a consellaría competente en materia de industria, cos medios de seu ou a través da colaboración de entidades legalmente habilitadas, realizará a supervisión, o control e a vixilancia dos distintos establecementos, instalacións e produtos industriais, co obxecto de comprobar a adecuación da súa posta en funcionamento, condicións de servizo e fabricación aos requisitos legais e técnicos previstos na normativa aplicable e esixir, se é o caso, as responsabilidades que correspondan nos supostos de incumprimentos legais ou defectos técnicos.

2. O ámbito de actuación da actividade inspectora de industria regulada nesta lei abranguerá a todos os establecementos e instalacións industriais situados dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia da localización do domicilio social do seu titular.

Artigo 12. Alcance da inspección

O alcance da inspección estenderase a todas as determinacións fixadas nas regulamentacións técnicas e nas súas instrucións complementarias correspondentes, así como ás prescricións da normativa comunitaria que resulten de aplicación directa e mais ao resto da normativa que resulte aplicable en materia de seguridade industrial.

Artigo 13. Principios da actuación inspectora

As actividades de control e inspección industrial realizaranse con observancia dos principios de legalidade, obxectividade, proporcionalidade, coordinación e eficacia.

Artigo 14. Persoal inspector

O desenvolvemento das funcións de inspección realizarano:

a) Funcionarios facultativos competentes en materia de seguridade industrial que ocupen postos de traballo que teñan atribuído o exercicio das funcións de inspección e que estean adscritos a órganos administrativos con competencia para o control e a inspección na citada materia.

b) Persoal de entidades legalmente habilitadas e debidamente acreditadas polo órgano competente en materia de industria para a realización de actividades de ensaio, certificación, inspección ou auditoría.

Artigo 15. Facultades do persoal inspector

O persoal que realice as actividades de inspección de industria estará facultado para:

1. Acceder aos establecementos e ás instalacións suxeitas á regulamentación de seguridade industrial, despois de se identificar e co obxecto de realizar as comprobacións e actuacións que coide pertinentes.

2. Requirir a comparecencia do titular do establecemento ou instalación ou da persoa que o represente os días que resulten precisos para o desenvolvemento das súas actuacións, no lugar e na hora que coide necesarios.

3. Proceder a practicar calquera dilixencia de investigación, exame ou proba que sexan necesarios para a comprobación do cumprimento dos requisitos legais e técnicos aplicables.

4. Facerse acompañar nas visitas de inspección polos peritos e técnicos do titular do establecemento ou da instalación, así como das persoas que participan na instalación, mantemento, utilización ou inspección de equipos ou aparellos, de o estimar necesario para o mellor desenvolvemento da función inspectora.

5. Requirirlles información ao titular ou aos responsables do establecemento ou da instalación sobre calquera asunto relativo ao cumprimento da normativa que resulte aplicable. Así mesmo, poderá entrevistar a calquera membro do persoal da instalación en presenza de representantes dela e solicitar, unicamente, a información e os datos que sexan necesarios para a realización da inspección.

6. Inspeccionar os documentos, expedientes e rexistros que considere pertinentes para os efectos do disposto nesta lei e nos termos e condicións previstos nela e na demais lexislación que resulte aplicable.

7. Realizar as avaliacións, os ensaios, as mostraxes e as fotografías que resulten necesarios.

8. Solicitar dos responsables do establecemento ou da instalación, no caso de que sexa estritamente necesario para o cumprimento da inspección, a realización de determinadas operacións de funcionamento daquela.

8 bis. O persoal técnico da consellaría competente en materia de industria poderá estar presente en calquera actuación dunha entidade legalmente habilitada.

Artigo 16. Clases de inspección

As actuacións inspectoras poderán clasificarse en dous grupos atendendo á posibilidade da súa planificación:

1. Inspeccións ordinarias.

a. Inspeccións de ofício. Realizadas para a comprobación de calquera actividade –en funcionamento ou abandonada– ou por ter coñecemento ou indicios da existencia de feitos que puidesen ser constitutivos de delito ou infracción administrativa.

b. Inspeccións con carácter previo á posta en funcionamento da actividade. Realizadas para o obxecto de comprobar a realidade dos extremos facilitados nos estudos ou proxectos e a súa adecuación aos requisitos legais aplicables.

c. Inspeccións con posterioridade á posta en funcionamento da actividade. Realizadas para o obxecto de comprobar que se cumpren decontino as condicións fixadas nas regulamentacións legais e técnicas.

d. Inspeccións regulamentarias periódicas. Realizadas cando exista unha norma que prevexa con carácter obrigatorio a referida intervención.

2. Inspeccións extraordinarias.

a. Inspeccións en virtude de denuncia. Levaranse a cabo sempre que exista unha denuncia relacionada coa execución ou co funcionamento dunha instalación suxeita á regulamentación industrial, que apareza inicialmente como fundada e que para o seu esclarecemento sexa necesaria a realización dunha inspección.

b. Inspeccións en caso de accidentes. Levaranse a cabo no caso de accidente derivado directa ou indirectamente do proceso de execución ou do funcionamento dunha instalación suxeita á regulamentación industrial. Esta efectuarase sempre que sexa necesaria para o esclarecemento dos feitos ou para a determinación de responsabilidades, así como para lles dar cumprimento ás peticións de colaboración.

Artigo 17. Periodicidade das inspeccións industriais

1. Os titulares de actividades ou instalacións industriais suxeitas a inspeccións periódicas son os responsables de que estas se realicen dentro dos prazos establecidos regulamentariamente, e para iso deberán solicitar a intervención do órgano competente en materia de industria ou, se é o caso, dunha entidade legalmente habilitada.

2. Non recaerá responsabilidade sobre os titulares se unha vez solicitada e aceptada en prazo a intervención do órgano competente en materia de industria ou, se é o caso, dunha entidade legalmente habilitada se comproba que a inspección non se realizou por causas imputables a estes.

3. Con independencia do anterior, a administración establecerá un sistema de información para os titulares dos establecementos ou das instalacións sobre os prazos establecidos para realizar as inspeccións periódicas, indicándolles ao tempo a relación das entidades legalmente habilitadas autorizadas na Comunidade Autónoma de Galicia para as realizar.

Artigo 18. Actuacións inspectoras

1. O persoal ao servizo da consellaría competente en materia de seguridade industrial que desempeñe actuacións de inspección na citada materia terá a consideración de axente da autoridade no exercicio das súas funcións.

2. Sen prexuízo da normativa específica que regule as actuacións de inspección de seguridade industrial realizadas polas entidades legalmente habilitadas, as actuacións inspectoras documentaranse por medio das correspondentes actas de inspección, nas que se recollerán os resultados das actuacións de investigación e comprobación.

As actas de inspección que se redacten gozarán de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan achegar os propios interesados.

3. O procedemento, o contido e os efectos da actuación inspectora estableceranse regulamentariamente.

Artigo 19. Consecuencias derivadas da actividade inspectora industrial

1. Como consecuencia da actividade inspectora, o persoal inspector poderá:

a. Paralizar temporalmente, ben sexa de forma total ou parcial, a actividade do establecemento ou da instalación nos

supostos de perigo inminente e certo, o que lle comunicará con carácter inmediato ao órgano competente en materia de seguridade industrial, que deberá confirmar, modificar ou levantar a paralización na maior brevidade posible.

b. Propoñer a prohibición ou limitación da comercialización dun produto industrial nos casos de perigo certo para as persoas ou de prexuízos graves de difícil reparación.

c. Realizar propostas de incoación de expedientes sancionadores como consecuencia do resultado final da inspección, cando esta se desenvolva por persoal funcionario.

2. O persoal inspector comunicaralle o resultado da inspección á autoridade competente en materia de seguridade e saúde laborais nos casos de especial relevancia ou de perigo inminente.

2 bis. O persoal inspector deberá propoñer o traslado da denuncia á xurisdición xudicial cando se aprecie a posible comisión dun delito contra as persoas, os bens ou o medio ambiente e solicitar a intervención da fiscalía.

Sección II
Plans e programas de inspección industrial

Artigo 20. Plans e programas de inspección

1. A consellaría competente en materia de industria elaborará e aprobará plans de inspección das actividades reguladas nesta lei, que serán levados a cabo directamente polos funcionarios da citada consellaría ou, baixo a supervisión desta, a través das entidades legalmente habilitadas que para o efecto sexan requiridas.

2. As inspeccións obxecto de programación mediante plans e programas de inspección atinxirán as inspeccións ordinarias previstas no apartado 1 do artigo 16.

3. Os plans e os programas de inspección industrial serán os instrumentos directores para conseguir un coñecemento exhaustivo dos establecementos, das instalacións e dos produtos industriais en canto á súa posta en funcionamento e condicións de servizo, así como no referente á fabricación, a comercialización e o cumprimento dos requisitos regulamentarios e de seguridade industrial.

Artigo 21. Contido dos plans de inspección

1. Os plans de inspección da seguridade industrial estruturaranse en programas específicos, definidos por sectores industriais, por instancia do centro directivo competente en materia de seguridade industrial e en función das necesidades que se formulen. A través deles comprobarase a adecuación da posta en funcionamento e as condicións de servizo dos establecementos e das instalacións, así como da fabricación e comercialización dos produtos industriais aos requisitos regulamentarios de seguridade e normativa que lles sexan aplicables.

2. Os plans de inspección da seguridade industrial recollerán, como mínimo, os seguintes contidos:

a. O obxecto do plan de inspección e os obxectivos que se pretenden con cada programa.

b. Establecementos, instalacións ou equipos que se deben incluír en cada programa de inspección.

c. Dotación de medios persoais e materiais que se destinarán ao desenvolvemento de cada programa de inspección.

d. Indicadores de resultados.

e. Vixencia.

3. Os programas específicos de inspección recollerán, como mínimo, os seguintes contidos:

a. Tipoloxía das instalacións suxeitas á inspección.

b. Establecementos que deberán ser inspeccionados.

c. Equipos que serán obxecto de inspección.

d. Duración temporal e ámbito xeográfico.

e. Actuacións de inspección que poderán realizar as entidades legalmente habilitadas.

Artigo 22. Metodoloxía

1. O artellamento da xestión, do desenvolvemento e da execución dos programas de inspección de seguridade

industrial realizarase consonte os principios que establece esta lei.

2. Sen prexuízo das funcións de inspección do persoal técnico da consellaría competente en materia de industria, a execución material dos programas poderán levala a cabo entidades legalmente habilitadas, para o que se utilizará, como instrumento de xestión, a subscrición de convenios de colaboración cos sectores afectados por el, se así se determina no correspondente plan de inspección.

Artigo 23. Execución e desenvolvemento

1. A consellaría competente en materia de industria efectuará a selección dos establecementos, das instalacións e dos produtos obxecto dos plans e programas de inspección.

2. Como consecuencia do anterior, os órganos competentes da citada consellaría ordenarán as actuacións de supervisión e control das inspeccións realizadas e incoarán os expedientes sancionadores que procedan nos supostos de incumprimento de requisitos regulamentarios esixidos aos establecementos, ás instalacións e aos produtos industriais inspeccionados.

Artigo 24. Periodicidade

1. A consellaría competente en materia de industria determinará a periodicidade dos plans e programas de inspección en función das necesidades que se formulen.

2. En calquera caso, a consellaría competente en materia de industria deberá, como mínimo cada dous anos, aprobar novos plans de inspección ou prorrogar a vixencia dos xa aprobados tras un procedemento previo de revisión e actualización dos seus contidos.

Artigo 25. Informes finais

1. Logo de finalizar cada programa de inspección, a consellaría competente en materia de industria elaborará un informe final onde se recollerán os datos, os resultados e as incidencias máis significativas para cada programa.

2. A consellaría competente en materia de industria dará conta bianualmente no Parlamento de Galicia, por medio da Comisión de Industria, dos resultados dos plans de inspección e das conclusións derivadas da súa execución.

Capítulo III
Sobre a colaboración das entidades legalmente habilitadas

Artigo 26. Actuación das entidades legalmente habilitadas

As entidades legalmente habilitadas que se constitúan coa finalidade de verificar o cumprimento de carácter obrigatorio das condicións de seguridade dos establecementos, das instalacións e dos produtos industriais, establecidas polos regulamentos de seguridade industrial, mediante actividades de certificación, ensaio, inspección ou auditoría, axustarán a súa actuación á normativa específica que lles resulte aplicable. En canto aos procedementos de autorización, duración do procedemento, competencia, funcionamento, suspensión da actividade e calquera outra que poida suscitarse, haberá que aterse ao disposto na citada normativa.

Artigo 27. Intercambios de información entre entidades legalmente habilitadas e a administración

A consellaría competente en materia de industria arbitrará os mecanismos necesarios para que os intercambios de información entre aquela e as entidades legalmente habilitadas, e, en particular, os relativos aos resultados das actuacións inspectoras, teñan o carácter máis inmediato posible e garantan a súa transmisión con seguridade e rapidez.

As entidades legalmente habilitadas presentarán na consellaría competente en materia de industria unha memoria anual relativa ás actividades realizadas na Comunidade Autónoma de Galicia nos distintos campos de actuación.

Título II
Sobre a coordinación e cooperación administrativas

Artigo 28. Coordinación administrativa

Correspóndelle á consellaría competente en materia de industria velar polo cumprimento do que establece esta lei.

Co fin de garantir a seguridade e a saúde das persoas, a flora, a fauna, os bens e o medio ambiente que poidan verse afectados polo desenvolvemento das actividades industriais

previstas nesta lei, as consellarías competentes en materia laboral, medioambiental, de ordenación do territorio, sanitaria e de industria axustarán a súa actuación ao principio de coordinación, de acordo coas regras xerais das relacións interadministrativas.

Artigo 29. Cooperación administrativa

Para a efectiva aplicación desta lei, as administracións implicadas axustarán as súas actuacións aos principios de información mutua, cooperación e colaboración. En particular, deberase prestar a debida asistencia para aseguraren a eficacia e coherencia das súas actuacións.

Artigo 30. Consello Interdepartamental de Seguridade Industrial

1. Créase o Consello Interdepartamental de Seguridade Industrial para o obxecto de impulsar e posibilitar a coordinación e cooperación en relación cos criterios e coas actuacións en materia de seguridade industrial dos órganos da administración autonómica competentes en materia de industria, traballo, sanidade, medio ambiente, protección civil e ordenación do territorio.

2. O Consello Interdepartamental de Seguridade Industrial, adscrito á consellaría competente en materia de industria, estará presidido polo seu titular ou pola persoa en quen delegue.

3. A composición do Consello Interdepartamental de Seguridade Industrial establecerase por regulamento, o cal debe garantir que estean representados nel os departamentos da administración autonómica que teñan atribuídas as competencias nas materias sinaladas no apartado 1 deste artigo.

4. O Consello Interdepartamental de Seguridade Industrial elaborará as normas de organización e réxime interno polas que deberá rexerse e remitirallas á consellaría competente en materia de seguridade industrial, que llas elevará ó Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación.

Título III
Réxime sancionador

Artigo 31. Infraccións

1. Constitúen infraccións administrativas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, as accións e omisións que contraveñan as obrigas establecidas nesta lei.

2. Sen prexuízo do anterior, as accións ou omisións que poidan constituír infracción á normativa de prevención de riscos laborais sancionaranse segundo esta.

Artigo 32. Clasificación das infraccións

1. Sen prexuízo das infraccións que, se é o caso, estableza a normativa estatal, estas clasifícanse en moi graves, graves e leves de conformidade coa tipificación establecida nos apartados seguintes.

2. Son infraccións moi graves as tipificadas no apartado seguinte como graves cando delas resulten danos moi graves ou derive un perigo moi grave e inminente para as persoas, a flora, a fauna, as cousas ou o medio ambiente.

3. Son infraccións graves as seguintes:

a) A fabricación, a importación, a venda, o transporte, a instalación ou a utilización de produtos, aparellos ou elementos suxeitos á seguridade industrial sen cumprir coas normas regulamentarias, cando comporte perigo ou dano grave para as persoas, a flora, a fauna, os bens ou o medio ambiente.

b) A posta en funcionamento de instalacións que carecen da correspondente autorización cando esta sexa preceptiva, de acordo coa correspondente disposición legal ou regulamentaria.

c) A ocultación ou a alteración dolosa dos datos esixibles pola normativa aplicable, así como a resistencia ou a reiterada demora en proporcionalos sempre que estas non se xustifiquen debidamente.

d) A negativa a admitir verificacións ou inspeccións regulamentarias acordadas en cada caso pola administración ou a obstrución á súa práctica.

e) A resistencia dos titulares de actividades e instalacións industriais a permitiren o acceso ou facilitaren a información requirida polas administracións públicas, cando houbese

obriga legal ou regulamentaria de atender tal petición de acceso ou información.

f) Os incumprimentos reiterados nas obrigas de remisión de información e documentación.

g) A expedición de certificados ou informes dos que o seu contido non se axuste á realidade dos feitos.

h) As inspeccións, os ensaios ou as probas efectuadas polas entidades legalmente habilitadas de forma incompleta ou con resultados inexactos por unha insuficiente constatación dos feitos ou pola deficiente aplicación de normas técnicas.

i) O incumprimento das prescricións ditadas pola autoridade competente en cuestións de seguridade relacionadas con esta lei e coas normas que a desenvolvan.

j) A inadecuada conservación e mantemento de instalacións se de isto pode resultar un perigo para as persoas, a flora, a fauna, os bens ou o medio ambiente.

4. Son infraccións leves as seguintes:

a) Non lle comunicar á consellaría competente en materia de industria os cambios que puidesen afectar a seguridade dos establecementos, das instalacións e dos produtos industriais.

b) A posta en funcionamento de instalacións sen llo ter comunicado con carácter previo ao órgano competente en materia de industria cando a citada comunicación sexa preceptiva.

c) Incorrer en demora non xustificada na achega de documentos solicitados polo órgano competente.

d) A inadecuada conservación e mantemento das instalacións.

e) A falta de colaboración coas administracións públicas no exercicio por estas das funcións regulamentarias derivadas desta lei.

f) Cando algunha das infraccións cualificadas como graves nesta lei xerase un dano de escasa entidade.

g) O incumprimento de calquera outra prescrición regulamentaria non incluída nos apartados anteriores.

Artigo 33. Sancións

1. As infraccións previstas nesta lei serán sancionadas de acordo coa normativa estatal.

2. Nos casos de infraccións graves, as multas poderán comportar o pechamento do establecemento ou a suspensión da actividade por un prazo non superior a un ano e a retirada dos carnés de instalador e/ou mantedor.

3. Nos casos de infraccións moi graves, as multas poderán comportar:

a) O pechamento ou a suspensión da actividade do establecemento por un prazo non superior a cinco anos.

b) A clausura definitiva, total ou parcial, do establecemento ou da actividade.

4. Nos supostos de infraccións graves ou moi graves, poderase impoñer ademais, se é o caso, a sanción consistente na devolución das subvencións ou axudas outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, así como a imposibilidade da obtención de préstamos, subvencións ou axudas públicas na materia durante os seguintes prazos:

a) Infraccións moi graves: cinco anos.

b) Infraccións graves: dous anos.

Artigo 34. Procedemento sancionador

1. O procedemento para a imposición de sancións axustarase aos principios regulados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e ao disposto no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, sen prexuízo de que regulamentariamente se establezan especialidades de procedemento.

2. O prazo para resolver o procedemento sancionador será dun ano, que se contará desde a data da súa iniciación.

Ao transcorrer o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución, producirase a caducidade do procedemento. No caso de que a infracción non prescribise, deberase iniciar un novo procedemento sancionador.

Artigo 35. Reparación de danos

Sen prexuízo da sanción administrativa que se impoña, o infractor estará obrigado a reparar os danos e perdas causados co obxecto de restaurar e repoñer os bens alterados ao seu estado anterior.

Artigo 36. Multas coercitivas

1. Cando o infractor non cumpra coa obriga imposta no artigo anterior ou o faga de xeito incompleto, poderán serlle impostas multas coercitivas. A contía de cada unha das devanditas multas non superará o 20 % da sanción fixada para a infracción correspondente, sen prexuízo da posible execución subsidiaria pola propia administración a cargo daquel.

2. As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas que se impuxesen ou puidesen impoñerse como sanción pola infracción cometida.

Artigo 37. Prescrición

1. As infraccións ás que se refire esta lei prescribirán nos seguintes prazos:

a) Cinco anos, no caso de infraccións moi graves.

b) Tres anos, no caso de infraccións graves.

c) Un ano, no caso de infraccións leves.

2. O cómputo do prazo de prescrición das infraccións iniciarase na data na que se cometese a infracción ou, de se tratar dunha actividade continuada, na data do seu cesamento.

3. As sancións ás que se refire esta lei prescribirán nos seguintes prazos:

a) Cinco anos, no caso de sancións por infraccións moi graves.

b) Tres anos, no caso de sancións por infraccións graves.

c) Un ano, no caso de sancións por infraccións leves.

Artigo 38. Concorrencia de sancións

1. Cando as infraccións puidesen ser constitutivas de delito ou falta, o órgano administrativo daralle traslado ao Ministerio Fiscal e absterase de proseguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial, se é o caso, non se pronunciase. A sanción penal excluirá a imposición de sanción administrativa. De non se estimar a existencia de delito ou falta, a administración poderá continuar o expediente sancionador con fundamento, de ser o caso, nos feitos que o órgano xudicial competente considerase probados.

2. Nos mesmos termos, a instrución de causa penal perante os tribunais de xustiza suspenderá a tramitación do expediente administrativo sancionador que se tivese incoado polos mesmos feitos e, se é o caso, a execución dos actos administrativos de imposición de sanción. As medidas administrativas que se adoptasen para salvagardar a saúde e seguridade das persoas manteranse ata que a autoridade xudicial se pronuncie sobre elas no procedemento correspondente.

Artigo 39. Medidas cautelares

1. Nos supostos nos que exista un risco grave ou inminente para as persoas, a flora, a fauna, os bens ou o medio ambiente, o órgano competente para a incoación do expediente poderá ordenar motivadamente, ao tempo que acorda a apertura do expediente, a adopción de cantas medidas cautelares resulten necesarias. En particular, poderán acordarse as seguintes:

a) Medidas de corrección, seguridade ou control que impidan a continuidade na produción do dano.

b) Precintado de aparellos, equipos ou vehículos.

c) Clausura temporal, parcial ou total, da instalación.

d) De ser o caso, suspensión temporal da autorización para o exercicio da actividade.

e) Limitación e prohibición da comercialización de produtos.

2. A adopción das devanditas medidas cautelares levarase a cabo, logo de audiencia do interesado, nun prazo de cinco días, agás os casos que esixan unha actuación inmediata.

3. As medidas sinaladas no apartado 1 deste artigo poderán ser acordadas antes da iniciación do procedemento administrativo sancionador, nas condicións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 40. Responsables

Serán suxeitos responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas que incorran nelas e, en particular:

a) O titular do establecemento ou da instalación ou, se é o caso, o director ou xerente da industria será o responsable de que o seu funcionamento se realice en todo momento de acordo co disposto na regulamentación que lle sexa aplicable, e, especialmente, coas normas de seguridade, sanidade e protección do medio ambiente, sen prexuízo das responsabilidades que contraian tanto os autores dos proxectos, da documentación técnica e dos certificados expedidos coma as empresas e persoas que interviñesen ou interveñan na instalación, funcionamento, reparación, mantemento, inspección e control.

b) O autor do proxecto é responsable de que este cumpra coa normativa vixente. O técnico competente que emitise o certificado é responsable da adaptación da obra ao proxecto e de que na execución dela se adoptasen as medidas e se cumprisen as condicións técnicas regulamentarias que sexan aplicables, sen prexuízo das sancións penais que, se é o caso, correspondan.

Todo isto, con independencia da responsabilidade dos técnicos, das empresas ou das entidades legalmente habilitadas sobre a veracidade das certificacións acreditativas do cumprimento regulamentario que emitan.

c) O director de obra, se é o caso, e as persoas que participan na instalación, reparación, mantemento, utilización ou inspección das industrias, dos equipos e dos aparellos, cando a infracción sexa consecuencia directa da súa intervención.

d) Os fabricantes, vendedores ou importadores dos produtos, aparellos, equipos ou elementos que non se axusten ás esixencias regulamentarias.

Artigo 41. Competencia sancionadora

1. A potestade sancionadora en relación coas infraccións tipificadas nesta lei correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A competencia para iniciar os procedementos sancionadores derivados das infraccións administrativas previstas nesta lei correspóndelles aos delegados provinciais da consellaría competente en materia de industria.

Non obstante, esta competencia corresponderalles aos directores xerais competentes por razón da materia no caso de infraccións administrativas que afecten o ámbito territorial de dúas ou máis provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. Para tal efecto, poderá tramitarse un único expediente como consecuencia de infraccións cometidas por unha persoa física ou xurídica en dúas ou máis provincias.

3. Pola súa banda, a competencia para a resolución dos expedientes sancionadores aos que fai referencia o apartado anterior corresponderalles:

a) Nas infraccións moi graves: ao Consello da Xunta de Galicia.

b) Nas infraccións graves: ao conselleiro competente en materia de industria.

c) Nas infraccións leves: aos delegados provinciais da consellaría competente en materia de industria cando afecten unicamente o seu respectivo ámbito territorial e aos directores xerais competentes por razón da materia nos casos previstos no último parágrafo do apartado anterior.

4. No exercicio da potestade sancionadora derivada desta lei, o órgano competente para a resolución do expediente poderá solicitar informes daqueloutros órganos dos que as súas competencias resulten afectadas pola actividade de que se trate.

Artigo 42. Publicidade

O órgano que exerza a potestade sancionadora poderá facer constar na resolución correspondente a necesidade de proceder á publicación no *Diario Oficial de Galicia* e a través dos medios de comunicación social que considere oportunos as infraccións cometidas así como as sancións impostas, coa inclusión dos nomes e apelidos ou da razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables, sempre que adquirisen xa o carácter de firmes. O criterio de proceder á publicación deberá estar baseado en feitos obxectivos, igualitarios e homoxéneos.

Disposición adicional primeira. Coordinación de actuacións

O Consello Interdepartamental de Seguridade Industrial coordinará as súas actuacións coa Comisión de Coordinación de Seguridade Industrial para o desenvolvemento das funcións que regulamentariamente lle sexan encomendadas.

Disposición adicional segunda. Medios persoais do servizo de inspección

Para o desenvolvemento das funcións de inspección previstas nesta lei, a consellaría competente en materia de seguridade industrial indicará, na súa relación de postos de traballo, a necesaria dotación de medios persoais que afecte a prestación do servizo de inspección, vixilancia e control dos establecementos, das instalacións e dos produtos industriais.

Disposición adicional segunda bis. Regulamento de inspección de industria.

Nun prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno publicará o Regulamento de inspección de industria.

Disposición transitoria primeira. Vixencia das normas

En tanto non se diten as normas de desenvolvemento desta lei, continuarán aplicándose as correspondentes disposicións en vigor en materia de seguridade industrial.

Disposición transitoria segunda. Persoal inspector

O persoal da consellaría competente en materia de seguridade industrial que con anterioridade á entrada en vigor desta lei estivese prestando servizos atribuídos ao persoal inspector sen ter a condición de funcionario facultativo continuará realizando funcións de inspección nos mesmos termos nos que estaba a exercelas. En tal suposto, os postos de traballo desempeñados polo devandito persoal terán a consideración de a extinguir.

Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa

Quedan derrogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. Adaptación, revisión e ampliación da normativa afectada

A consellaría competente en materia de seguridade industrial procederá á adaptación, revisión e ampliación da normativa que poida verse afectada polas prescricións desta lei.

Disposición derradeira segunda. Consello Interdepartamental de Seguridade Industrial

No prazo de seis meses desde a publicación desta lei, determinaranse regulamentariamente a organización, a composición, as funcións e o réxime xurídico interno do Consello Interdepartamental de Seguridade Industrial.

Disposición derradeira terceira. Facultade de desenvolvemento

Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario das prescricións desta lei, así como para adaptar, ampliar ou modificar a lista de actividades incluídas nos seus anexos, en función das determinacións que resulten da normativa básica estatal ou da Unión Europea, e mais os requirimentos de carácter técnico que se aproben no futuro.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor no prazo de tres meses desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Anexo I
Establecementos e instalacións industriais liberalizadas sometidas a comunicación

1. Instalacións eléctricas de baixa tensión.

1.1. Instalacións eléctricas de baixa tensión en edificios destinados principalmente a vivendas.

1.2. Instalacións eléctricas de baixa tensión en locais de reunión de potencia instalada <100 kW e capacidade <300 persoas.

1.3. Instalacións eléctricas de baixa tensión en establecementos industriais de potencia <500 kW.

2. Instalacións eléctricas de alta tensión.

2.1. Centros de transformación non pertencentes a empresas de produción, transporte ou distribución de enerxía eléctrica.

3. Instalacións de gas.

3.1. Instalacións individuais, para calquera clase de usos, con potencia nominal de utilización simultánea superior a 70 kW /60,2 (te/h).

3.2. Instalacións comúns para calquera clase de usos, sempre que a potencia nominal de utilización simultánea das instalacións individuais a que se alimenta sexa superior a 700 kW (602 te/h).

3.3. Acometidas interiores para calquera clase de usos, sempre que a potencia nominal de utilización simultánea das instalacións a que se alimenta sexa superior a 700 kW.

3.4. Almacenamento e instalacións receptoras alimentadas a partir de botellas ou envases de GLP, con capacidade unitaria superior a 15 kg de gas e con capacidade total superior a 350 kg de gas, incluídas tanto as botellas en servizo coma as de reserva.

3.5. Almacenamento e instalacións receptoras con botellas de capacidade unitaria inferior a 15 kg e con capacidade total dos envases conectados (en servizo e en reserva) superior a 200 kg de gas.

4. Aparellos elevadores.

4.1. Ascensores e montacargas.

4.2. Guindastres torre.

5. Máquinas.

Todas as incluídas no vixente Regulamento de seguridade de máquinas.

6. Aparellos a presión.

Todos os de PxV<50 e que non estean incluídos nas ITC-MIE-AP 6, 8, 12 e 16.

7. Instalacións interiores de auga.

Todas, con independencia da súa capacidade.

8. Instalacións de calefacción, climatización e auga quente sanitaria.

Todas, con independencia da súa capacidade.

9. Instalacións de almacenamento de produtos derivados do petróleo.

Todos os non sometidos ao procedemento de autorización administrativa.

Anexo II

Establecementos e instalacións industriais totalmente liberalizadas

1. Instalacións en ascensores.

2. Instalacións interiores de auga (carpetas, boletíns).

3. Instalacións eléctricas de baixa tensión tipo A.

4. Instalacións eléctricas de baixa tensión tipos B e C (carpetas, boletíns).

5. Calquera outra actividade non prevista no anexo I desta lei.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2004
José Manuel Baltar Blanco
Presidente da Comisión
Francisco Cerviño González
Secretario en funcións da Comisión

Emendas e votos particulares formulados ao Ditame sobre o Proxecto de lei de seguridade industrial de Galicia.

Presidencia

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de seguridade industrial de Galicia.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2004
José María García Leira
Presidente

Emendas mantidas polo G.P. do Bloque Nacionalista Gales.

Doc. núm. 16390

«Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, mantén para a sua defensa en Pleno todas as emendas apresentadas ao Proxecto de lei de seguridade industrial de Galiza, que non foron incorporadas ao Dictame da Comisión.

Santiago de Compostela, 18 de Xuño de 2004
Asdo.: Xosé Manuiel Beiras Torrado
Portavoz do G.P. do BNG. »

Emendas mantidas polo G.P. dos Socialistas de Galicia.

Doc. núm. 16400

«Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que mantén para a súa defensa en Pleno tódalas emendas presentadas, agás as transacionadas e as aceptadas, ó Proxecto de lei de seguridade industrial de Galicia.

Pazo do Parlamento, 18 de xuño de 2004
Asdo.: Ismael Rego González
Portavoz suplente do G.P. dos Socialistas de Galicia»

9. Informacións e correccións de erros

9.2. Correccións de erros

Corrección de erros no Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 593, do día 22 de xuño de 2004, publicouse o Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertido un erro no texto, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Páxina 36506.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento regulamentario.

Onde di: "por proposta do conselleiro de Economía e Facenda".

Debe dicir: "por proposta do conselleiro competente en materia de economía e facenda".

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2004
José Ramón Cólera Leirado
Oficial maior

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
   - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
     - 1.1.1 LEIS
     - 1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO
     - 1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO
     - 1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
   - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
     - 1.2.1 PROXECTOS DE LEI
     - 1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI
     - 1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR
   - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
     - 1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO
     - 1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS
     - 1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
   - 2.1 INVESTIDURA
   - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
   - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
   - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
     - 3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS
     - 3.1.2 OBXECCIÓNS
     - 3.1.3 DITAME DA COMISIÓN
     - 3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO
   - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
     - 3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
     - 3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
     - 3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS
   - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
     - 3.3.1 PROGRAMAS E PLANS
     - 3.3.2 INFORME DA PONENCIA
     - 3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
     - 3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS
   - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
   - 3.5 MOCIÓNS
     - 3.5.1 MOCIÓNS
     - 3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS
     - 3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS
   - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
     - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
       - 3.6.1.1 PROPOSICIÓNS
       - 3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
       - 3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
     - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
       - 3.6.2.1 PROPOSICIÓNS
       - 3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
       - 3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
   - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
     - 3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA
     - 3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS
     - 3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS
   - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
     - 3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
     - 3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
   - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
     - 4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO
     - 4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN
   - 4.2 INTERPELACIÓNS
   - 4.3 PREGUNTAS
     - 4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO
       - 4.3.1.1 PREGUNTAS URXENTES
       - 4.3.1.2 PREGUNTAS AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

(Continúa)

4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
4.3.3 PREGUNTAS POR ESCRITO
4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
5.3 VALEDOR DO POBO
5.3.1 NORMAS RELATIVAS AO VALEDOR DO POBO
5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
5.3.3 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO
5.4 CONSELLO DE CONTAS
5.4.1 NORMAS RELATIVAS AO CONSELLO DE CONTAS
5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

6. ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
7.2.4 CONTA XERAL DO PARLAMENTO
7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
7.3.3 CONVOCATORIAS
7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
8.2 PERSOAL
8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
8.3.5 PUBLICACIÓNS

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
9.1 INFORMACIÓNS
9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727